			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD 	Todo o curso	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Observación sistemática.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización (trimestre)	Procedementos e instrumentos de avaliación
			obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.			INSTRUMENTOS: Dramatizacións. Producións orais. Escala de observación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	Todo o curso	PROCEDEMENTOS: Traballo de aula. Análise das producións dos alumnos. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exercicios con textos sinxelos. Clasificación de textos sinxelos. Proba obxectiva.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	3ºT	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Análise de poemas. Proba obxectiva.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérbolos e xogos de palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CAA 	3ºT	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións escritas. Análise de poemas sinxelos. Proba obxectiva.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	3ºT	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Probas específicas.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización (trimestre)	Procedementos e instrumentos de avaliación
						INSTRUMENTOS: Análise de textos literarios. Proba obxectiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC 	Todo o curso	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Probas obxectivas. INSTRUMENTOS: Producións escritas. Proba obxectiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Dramatizacións individuais e grupais. Proba obxectiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	Todo o curso	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Valoracións e críticas literarias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	Todo o curso	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Observación sistemática.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	QUINTO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización (trimestre)	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<p>las diferencias persoais, sociais e culturais.</p>	<p>amosando interese e respecto.</p>			<p>INSTRUMENTOS: Análise de textos literarios de distintas culturas, principalmente galegos. Escala de observación.</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.7.2. Aмосa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	<p>Todo o curso</p>	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos. Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTOS: Debates. Escala de observación. Análise de textos. Producións escritas.</p>

LINGUA GALEGA E LITERATURA 5º EP

Estándares de aprendizaxe. Mínimos esixibles

- . LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo.
- . LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo.
- . LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con axuda, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- . LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
- . LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias adecuadas ao seu nivel
- . LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.
- . LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula utilizando o dicionario se é preciso.
- . LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
- . LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación.
- . LGB1.5.1. Atende ás intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
- . LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.
- . LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- . LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
- . LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.
- . LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia correcta: articulación, entoación e volume.
- . LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

. LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións utilizando un vocabulario adecuado ao seu nivel
. LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral utilizando algún nexo básicos adecuado.
. LGB1.7.4. Amoso un discurso oral axeitado ao seu nivel.
. LGB1.8.1. Elaboro textos sinxelos propios dos medios de comunicación con axuda de modelos e plantillas.
. LGB1.10.1. Amoso respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
. LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
. LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.
. LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
. LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...
. LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER
. LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos e acordos ao seu nivel, procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
. LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto sinxelo.
. LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
. LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos básicos de cohesión (repeticións, sinónimos)
. LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.
. LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
. LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
. LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos moi básicos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.

. LGB2.3.1. Realiza com axuda o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
. LGB2.3.2. Esquematiza com axuda as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.
. LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
. LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
. LGB2.4.2. Relé un texto e marca com axuda as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.
. LGB2.5.1. Utiliza con axuda as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.
. LGB2.5.2. Utiliza con axuda as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.
. LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
. LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
. LGB2.7.1. Descodifica as palabras con axuda cando sexa necesaria.
. LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo adecuado ao seu nivel.
. LGB2.7.4. Le en voz alta con ritmo adecuado ao seu nivel.
. LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos moi sinxelos.
. LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula e colabora no seu coidado e mellora.
. LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro e colabora no seu coidado e mellora.
. LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais.
. LGB2.9.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais.
. LGB2.10.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

. LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.

. LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

. LGB2.12.1. Identifica, de maneira global, as diferenzas lingüísticas, bastante evidentes, das variedades da lingua galega.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

. LGB3.1.1. Planifica con axuda guiada, a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.

. LGB3.1.2. Elabora textos sinxelos coa cohesión e secuenciación adecuada ao seu nivel.

. LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).

. LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.

. LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.

. LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.

. LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións

. LGB3.2.2. Redacta de maneira moi básica e adecuada ao seu nivel, textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.

. LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos ou descritivos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.

. LGB3.2.4. Escribe textos moi sinxelos pero coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión.

. LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.

. LGB3.3.1. Elabora con axuda textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
. LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.
. LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
. LGB3.4.3. Aprecio polos usos creativos da linguaxe.
. LGB3.5.1. Busca e selecciona com axuda información en diferentes fontes e soportes dixitais.
. LGB3.5.2. Emprega de xeito básico procesadores de textos con certa autonomía.
. LGB3.5.3. Utiliza, habitualmente, correctores de textos.
. LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con axuda, para realizar presentacións elementais.
. LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.
. LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.
. LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA
. LGB4.1.1. Recoñece certas categorías gramaticais básicas pola súa función na lingua: substantivo, artigo, adxectivo, e verbo.
. LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección certas formas verbais persoais básicas.
. LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
. LGB4.1.4. Identifica e clasifica diferentes tipos de enunciado: enunciativo, interrogativo e exclamativo.
. LGB4.1.5. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e o suxeito.

. LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
. LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.
. LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
. LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada ao seu nivel nas súas producións.
. LGB4.4.1. Usa certos conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición...
. LGB4.4.2. Recoñece determinados procesos de cohesión básicos nos textos: (sinónimos)
. B4.5.1. Identifica, en oracións sinxelas o suxeito.
. LGB4.7.1. Usa con certa axuda o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
. LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.
. LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.
. LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
. LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.
. LGB4.9.2 Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas, ortográficas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA
. LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos moi básicos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral
. LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

<p>. LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>
<p>. LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p>
<p>. LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.</p>
<p>. LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias básicas como as comparacións.</p>
<p>. LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.</p>
<p>. LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.</p>
<p>. LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</p>
<p>. LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.</p>
<p>. LGB5.7.2. Aмосa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.</p>

5. METODOLOXÍA

Tomando como referente os principios metodolóxicos do noso decreto de currículo (decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia), poñeremos como principal punto de partida da nosa práctica docente, a importancia da diversidade dos alumnos, promovendo para iso unha atención individualizada, previndo as posibles dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo naqueles que se detectan necesidades, nos que caben destacar alumnos/as con ritmos de aprendizaxe inferiores aos que lles correspondería por idade e curso e que precisan dunha atención máis específica e con materiais de reforzo e recursos específicos que melloren as súas características e así acaden o logro de adquisición das competencias clave do curso no que están escolarizados.

Para poder atender a estas singularidades das aulas empregaremos diferentes medidas, tanto organizativas como curriculares, escollendo as que mellor se adapten ás necesidades dos alumnos/as e que se expoñen de forma máis detallada no apartado de atención á diversidade.

Empregaremos como principal medida o reforzo individualizado polas titoras ou por profesorado con dispoñibilidade horaria para traballar aqueles aspectos que precisen mellorar para acadar con éxito o desenvolvemento axeitado das competencias clave.

Ademais desta medida, traballaremos outras estratexias que faciliten a integración, participación e socialización de todo o alumnado.

Neste curso, debemos anticiparnos á situación que poida orixinar a actual crise sanitaria, por iso presentamos 3 modelos de metodoloxía según a presencialidade do alumnado no centro:

PRESENCIAL

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, facendo referencias ás súas aprendizaxes anteriores, así como ao desenvolvemento do neno/a e ás súas características psicoevolutivas.
- Elaboraremos esquemas e mapas conceptuais para comprendermos a estrutura do tema que imos traballar.
- Seguiremos unha metodoloxía que fomente a investigación (a través de proxectos de procura documental), a creación e a participación activa do alumnado, fomentando debates e discusións para fomentar o desenvolvemento do espírito crítico.

- Consideramos necesario aumentar a retención (memorización) de coñecementos, pero sempre co fin de que esas aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- Fomentaremos unha aprendizaxe activa e autónoma (aprender por si mesmo).
- Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro.
- Procuraremos traballar a comprensión e expresión lectoras así como a expresión oral nos seus distintos aspectos (escoitar, falar, discurso, debate, exposicións, técnicas gráficas, manipulación matemática....).
- Aproveitaremos os recursos dos que dispoñemos como centro Edixgal para integrar plenamente as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Como centro Edixgal, cada alumno de 5º de primaria dispón dun convertible para acceder á plataforma virtual e realizar as tarefas encomendadas.
- Negociaremos as rutinas da clase co alumnado, e as expoñeremos claramente na aula.

SEMIPRESENCIAL

- Crearase un curso na aula virtual do centro onde os alumnos/as terán as actividades e tarefas propostas para cada xornada lectiva (procuraremos manter este diario de aula en calquera das situacións en que nos atopemos, xa sexa presencial ou non).
- A titora estará en contacto co alumno/a para resolver calquera dúbida

NON PRESENCIAL

- A través da plataforma EVA e a aula virtual do centro proporcionaranse os recursos necesarios para poder levar desde o fogar unha aprendizaxe significativa (videos, tarefas, presentacións, libro dixital...).
- No referente a avaliación, adaptarase esta programación para que o alumnado sexa capaz de acadar os mínimos esixibles do curso e informarse ás familias.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado implicarase na procura, elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos

e alumnas, co obxectivo de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Potenciaremos nesta programación o uso de diferentes materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Ao tratarse dun centro Edixgal, o alumnado de 5º posúe un ordenador portátil (convertible en tableta) co que traballar nas diferentes áreas. Utilizaremos a aula virtual do centro no que incorporaremos un diario de aula coas tarefas propostas en cada xornada. Na plataforma EVA utilizaremos os libros dixitais da editorial Netex principalmente, aínda que como tamén temos acceso a libros dixitais de diferentes editoriais, poderemos utilizalos puntualmente para practicar ou reforzar algún contido.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumno será **inicial** para ver o nivel de coñecementos previos que posúe o alumnado e adaptar as aprendizaxes na medida do posible as súas características e necesidades; **continua e global**, valorando o proceso e progreso do alumnado ao longo do curso a través das tarefas e metodoloxías a empregar así como o grado de consecución das competencias clave e **final** para valorar as aprendizaxes adquiridas ao longo do curso.

A avaliación irá enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos, para elo será necesario diversificar as ferramentas, establecer os tempos e espazos na aula para a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Os mestres e mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumno como os procesos de ensinanza e a súa práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro na programación.

- Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Tarefas diarias
 - Rexistros individuais (rúbricas, listas de cotexo...)
 - Diarios de clase
 - Fichas de seguimento
 - Probas orais e escritas
 - Cadernos de traballo
 - Traballo diario na plataforma EVA
 - Tarefas da aula virtual

- Traballos voluntarios e traballos de clase
- Criterios de cualificación.

Para avaliar ao alumnado empregaremos unha serie de criterios que se valorarán coa seguinte porcentaxe:

Procedementos	Porcentaxe	Criterios a valorar
Probas de contidos e competencias	50%	Resultados nas probas obxectivas, tanto orais como escritas, dos contidos que se van traballando.
Cadernos/dispositivos do alumnado e tarefas de aula	30%	Valorarase a limpeza, organización, corrección e que teñan ao día as súas tarefas no caderno e no ordenador. Tamén a súa implicación no traballo diario de aula.
Proxectos e traballos de investigación	20%	Terase en conta a entrega en tempo, a organización do contido, a orixinalidade e a exposición ou explicación do traballo realizado.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				

Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

PLAN DE RECUPERACIÓN

Se o alumno/a tiña reforzo educativo co Mestre de PT/ AL, segundo o caso e as dificultades que presente, continuará co reforzo.

Se non tiña reforzo PT/AL, valorarase a posibilidade de que o reciba logo da análise dos resultados da avaliación inicial.

Valorar se co apoio dun mestre con liberación horaria podería chegar.

Realizar desdobres de grupos, para atender á ditas necesidades, sendo o mestre/a titor/a a encargada de coordinar o traballo a realizar.

Propostas concretas:

- Realización de actividades de reforzo e/ou ampliación.
- Elaboración de estratexias cara a mellora de técnicas e hábitos de estudo.
- Mellora do cálculo e da resolución de problemas.
- Programas para a mellora da lectoescritura e da comprensión lectora.
- Programas de extinción de condutas disruptivas e introducción de boas habilidades sociais.
- Actividades para ao desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos.
- Avaliación trimestral das medidas adoptadas, dentro das sesións de avaliación.

Se despois dun trimestre é quen de superar as dificultades que presentaba, o alumno integrarase no traballo do seu grupo de referencia.

Se persisten as dificultades, realizar unha avaliación psicopedagóxica co fin de descartar a existencia de necesidades específicas de apoio educativo.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS NON SUPERADAS

Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén, recuperala.

Nas probas escritas incluíranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN

Cada avaliación, e dado que a avaliación é continua, no nivel de 5º de Primaria a nota da avaliación recuperarase na seguinte se a avaliación fose positiva.

10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

As probas de avaliación inicial partirán dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e realizaranse durante o mes de setembro.

OBXECTIVOS:

- a) Detectar as características dos alumnos-as ao comezar o curso nos contidos das áreas.
- b) Saber que alumnos-as teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.
- d) Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicar á familia no proceso educativo.
- e) Enlazar as aprendizaxes dos alumnos-as do cuarto curso de Primaria co quinto curso.
- f) Detectar dificultades de aprendizaxe.

En función dos resultados, programaranse os apoios e reforzos necesarios para que o alumnado poida acadar os mínimos programados para cada materia.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender a esta diversidade levaremos a cabo estratexias metodolóxicas que favorezan a ensinanza individualizada, respectando sempre os ritmos, estilos de aprendizaxe, capacidades e motivacións das distintas nenas e nenos das aulas, tendo en conta que cada un deles presenta unhas características singulares ben diferenciadas.

Nesta liña considérase indispensable a previsión e provisión de recursos específicos como elementos de apoio para equipos docentes (equipo de orientación educativa), así como a coordinación entre as diferentes instancias de planificación e decisión da práctica educativa (servizos de apoio, docentes, inspección...).

E de especial mención ter en conta unha coordinación entre todo o profesorado que imparte docencia nos grupos-aula en especial entre nós, as titoras do grupo, velando sempre pola mellora dos mesmo.

Deste xeito, tratamos de dar resposta á diversidade facendo uso de medidas ordinarias e extraordinarias que van facilitar dito proceso.

Para iso dispoñeremos de medidas ordinarias e extraordinarias tal e como recolle o **DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.**

Atendendo ás características que presenta o alumnado destes dous cursos e para dar unha maior resposta ás súas necesidades, dotaremos as aulas dos recursos tanto personais como materiais e medidas necesarios para adecuar as ensinanzas as súas características. Algúns alumnos precisarán que se adopten medidas para facilitar a interiorización de contidos como:

Medidas ordinarias.

Acortando as actividades e tempos de realización das mesmas para facilitar a súa consecución.

Apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Reforzos educativos.

Apoio por parte das familias con actividades de reforzo que faciliten a aprendizaxe nun determinado momento.

Adecuación da programación ás características do alumnado que presenta dificultades.

Programas de reforzo nas áreas instrumentais.

Potenciando o uso da biblioteca de aula e centro

Estas medidas organizativas son insuficientes para varios alumnos, que precisan algunha das medidas de tipo extraordinario.

Medidas extraordinarias.

Apoio das mestras de PT (dentro ou fóra da aula).

Adaptación curricular nas áreas instrumentais.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Como indica o Decreto 105/2014, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, en todas disciplinas deberanse tratar: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica; así como a inclusión das persoas con discapacidade, a igualdade de xénero e a resolución pacífica de conflitos. Polo tanto, debemos traballar estes elementos no proceso de ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

12.1. Educación en valores

A inclusión buscarase dende o primeiro momento a través da presentación da diversidade na aula e no centro como algo moi beneficioso para a aprendizaxe. A resolución pacífica de conflitos estará vinculada á aceptación das normas do centro e da aula, estas últimas negociadas co alumnado ao principio do curso co fin de obter unha mellor aceptación das mesmas facéndoos partícipes da súa redacción.

Nesta programación incidiremos nos seguintes elementos transversais relacionados coa educación en valores: Educación para a saúde, educación para a paz, educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, educación do consumidor, educación ambiental e educación viaria, educación sexual, educación moral e cívica.

12.2. Fomento da lectura

No currículo actual inclúese a importancia de traballar a lectura na aprendizaxe nas diferentes áreas. É fundamental ter unhas bases e obxectivos claros no centro co fin de fomentar e achegar ao alumnado a lectura, xerando experiencias positivas e promovendo o gusto pola mesma.

Teremos unha biblioteca de aula que os nenos/as poderán consultar en diferentes momentos das unidades didácticas para os seus traballos de investigación ou como

actividade extra para os alumnos/as que rematen as súas tarefas máis axiña, co fin de respectar os distintos ritmos de aprendizaxe.

Temos tamén en 5º unha plataforma dixital de lectura (Fiction Express) na que teñen dispoñibles títulos adaptados á súa idade con actividades asociadas a eles e foros nos que poderán comentar as súas experiencias coas lecturas.

A expresión oral e escrita traballarase a través de asembleas, exposicións e tarefas escritas. Todo o alumnado do centro dispón dunha hora semanal para traballar na biblioteca do centro e/ou para escoller os títulos da biblioteca de aula e os empréstitos individuais para o alumnado.

12.3. Tecnoloxías da Información e a Comunicación

Sobre a contribución da programación ao Plan TIC do centro, dicir que se trata dun centro Edixgal no que o alumnado de 5º e 6º posúe un ordenador portátil (convertible en tableta) co que traballar nas diferentes áreas. Teñen tamén acceso a libros dixitais de diferentes editoriais, que poderemos utilizar puntualmente para practicar ou reforzar algún contido.

Utilizaremos diferentes aplicacións para o tratamento dos contidos e tamén aproveitaremos a dispoñibilidade de equipos persoais do alumnado para a busca e discriminación de información na rede. É importante que os nenos/as sexan quen de manexarse con fluidez no entorno Moodle, xa que será o noso espazo virtual onde recolleremos actividades, vídeos, propostas de tarefas...

12.4. PDI do centro

Da biblioteca do centro parte o PDI (Proxecto Documental Integrado) sobre o que todo o centro traballa de forma conxunta. Este ano dedícase ao coñecemento do camiño de Santiago, polo que desde as diferentes áreas integraremos este tema común. En 5º curso decidimos centrarnos na nosa cidade, Santiago como final do camiño, para conectar as novas aprendizaxes: xogos de orientación pola cidade, visitas culturais, historia da nosa cidade...

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Enténdese por actividade complementaria toda aquela actividade que se realice no centro dentro do horario lectivo, mentres que as actividades extraescolares son aquelas actividades das que poderán disfrutar os alumnos fóra do horario lectivo, tal e como determinan o Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Para este vindeiro curso programaranse unha serie de actividades complementarias de finalidade didáctica e lúdica que poidan disfrutar os alumnos do 5º curso, procurando (se a situación sanitaria o permite) unha saída por trimestre.

Asimesmo, as actividades complementarias nas que vai participar o alumnado de quinto, e en xeral todo o alumnado do centro no presente curso son as que a continuación se relacionan:

Festividades no colexio: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Semana Cultural, Fin de curso.

Conmemoracións:

Segundo a ORDE do 19 de maio de 2021, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar celebraranse as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais celebraremos o 14 de xuño como día nacional da lingua de signos en todo o centro, pero máis especialmente en 5º de primaria, onde temos alumnado que utiliza a LSE para comunicarse.

Visitas culturais e excursións: Este curso, por motivos da COVID-19, non se planificou ningunha visita cultural e/ou excursión. Se a situación o permite, durante o curso escolar propóranse as saídas que nese momento se consideren máis axeitadas.

14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Valoraremos a adecuación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados á realidade do alumnado e as súas características e necesidades. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de consecución das competencias clave, se as estratexias metodolóxicas empregadas son coherentes cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento da programación docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso.

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				

Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Medidas de atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con neae				
Medidas de atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino				
Aplicase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado				
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados				
Os estándares imprescindibles están identificados				
Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				
Coordinación entre o equipo didáctico				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Actividades extraescolares e complementarias				